



SI

A Responsabilidade Social Empresarial nas Empresas TIC de Galicia

Edición 2018. Resumo executivo

XUNTA DE GALICIA

ÍNDICE

Coñecemento da RSE

Asociación do termo

Actuacións máis implantadas

A RSE no tecido empresarial


CONTIDO

- Principais resultados da “Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia” do Ano 2018, no referido á Responsabilidade Social Empresarial
- Realizada polo Observatorio da Sociedade de Información e a modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia.
- Marco estratéxico: Axenda Dixital de Galicia 2020.

- Analizar o nivel de coñecemento e implantación da Responsabilidade Social Empresarial nas empresas TIC galegas
- Identificar as actuacións de RSE máis adaptadas en cada un dos estratos empresariais analizados

OBXECTIVOS


1. COÑECEMENTO DA RSE



O **72,6%** das empresas TIC de Galicia coñecen o termo **Responsabilidade Social Empresarial**, un **8%** máis que na edición anterior

Evolución do nivel de coñecemento da RSE

Coñece que é a Responsabilidade Social Empresarial?



2. ASOCIACIÓN AO TERMO RSE




A RSE caracterízase, dacordo coas propias empresas TIC,
polo **compromiso** ante a sociedade, a **transparencia** en
xeral e a **responsabilidade** cos traballadores/as

Nivel de claridade de RSE

Que é a RSE?

Indique se está de cordo ou non coas seguintes definicións



Respecto á definición que as
propias empresas TIC inclúen
no termo Responsabilidade
Social Empresarial, destacan
os seguintes conceptos:

- Compromiso ante a sociedade → 98,8%
- Ética e transparencia en xeral → 96,8%
- Responsabilidade con traballadores/as → 96,2%

Base: Empresas TIC que coñecen a RSE

Fonte: Enquisa ás Empresas TIC de Galicia. Ed. 2014, 2016 e 2018. OSIMGA

3.


Actuacións máis implantadas



As actuacións de RSE no mercado **orientadas a clientes, consumidor ou Administración** son as que presentan unha maior **implantación** nas empresas TIC galegas



Actuacións de RSE máis implantadas



Fonte: Enquisa ás Empresas TIC de Galicia. Ed. 2018. OSIMGA



4. A RSE no tecido empresarial

O **sector** das Actividades informáticas é o que maior coñecemento do RSE posúe, pero as empresas dedicadas ás Telecomunicacións son as que máis medidas de RSE aplican

As **empresas TIC con sede fóra de Galicia**, pero con actividade na nosa Comunidade son as que presentan as porcentaxes máis altas de implantación de actuacións de RSE

O **tamaño da empresa** incide nunha maior aplicación de medidas de RSE, tanto de políticas dirixas ao lugar de traballo, como nas de ámbito mercantil (clientes ou provedores)



Conclusións

- Continúa o crecemento de todos os elementos relacionados coa RSE entre as empresas TIC galegas
- No 2018, o coñecemento das empresas TIC en Galicia do termo RSE medrou un 8% ata acadar o 72,6%
- As empresas dedicadas a actividades informáticas son as que posúen un maior de coñecemento do termo RSE, aínda que son as de Telecomunicacións as que máis aplican as diferentes medidas.
- Dacordo coas propias empresas TIC galegas, o termo RSE caracterízase como o compromiso ante a sociedade, a ética ou transparencia empresarial e a responsabilidade cos traballadores/as
- A maior tamaño da empresa, maior coñecemento do termo RSE
- As políticas de RSE con maior presenza no lugar de traballo das empresas TIC son as referidas á “seguridade e hixiene no traballo”
- O 58,7% das empresas TIC galegas desenvolve políticas de seguridade e hixiene no traballo.
- Destaca o crecemento respecto ao ano 2016 das “políticas de conciliación laboral e familiar”, que aumentaron 7,2 puntos porcentuais. Ocupan, ademais, a segunda posición en canto as políticas RSE máis implantadas no lugar de traballo das TIC galegas, precedida polas “políticas de seguridade e hixiene no traballo” (que medraron 4 puntos porcentuais).
- No ámbito mercantil relacionado cos clientes / consumidores e Administracións, as políticas máis empregadas son as de “información e asesoramento ao cliente sobre o produto ou servizo” (67,8%)
- Favorecer o diálogo cos provedores é, cun 62,8%, a actuación relacionada coas políticas de RSE vinculadas aos provedores máis desenvolvida nas empresas galegas
- As empresas galegas con sede fóra de Galicia, pero que desenvolven a súa actividade en Galicia, son as que fan un maior uso das políticas RSE.

